

A NORMATIVA GALEGA SOBRE FUNDACIÓNS

Domingo Bello Janeiro

Catedrático de dereito civil da Universidade
da Coruña e director da EGAP

Marco normativo

O artigo 27/4 do noso Estatuto de autonomía de Galicia considera como unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a «conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego» e, de seguido, o artigo 27.26 dispón esa mesma competencia exclusiva para o «réxime das fundacións de interese galego».

Pois ben, a diferenza do que aconteceu co dereito civil de Galicia e o desenvolvemento consecuente da disposición contida na alínea 4ª do artigo 27 do Estatuto, en que, con considerable atraso en relación co resto de comunidades autónomas con dereito civil propio, ata a Lei 4/1995, do 24 de maio, non se realizou a necesaria actualización da Compilación do 2 de decembro de 1963, en cambio en materia de fundacións exerceuse a dita competencia con moita maior rapidez mediante a promulgación da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego e o Decreto 193/1984, do 6 de setembro, sobre o regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.

Na marxe das disposicións contidas respecto das leis 44 a 47 da Lei 1/1973, do 1 de marzo, pola que se aprobou a Compilación de dereito

civil foral de Navarra, a Lei galega de fundacións é anterior á maior parte das lexislacións autonómicas, exceptuando a Lei 1/1982, do 3 de marzo, de fundacións privadas catalanas, promulgándose moi posteriormente tanto a Lei 1/1990, do 29 de xaneiro, de fundacións canarias canto a Lei 12/1994, do 17 de xuño, de fundacións do País Vasco.

Determinados artigos da dita lei de 1983 foron posteriormente modificados por medio da Lei 11/1991, do 8 de novembro, o regulamento da cal, aprobado por Decreto 248/1992, do 18 de xullo, derogou integramente o anterior.

Aínda quedaría por referirnos, para completa-lo marco legal das fundacións en Galicia, á máis recente Lei de persoal e contratación en empresas e fundacións participadas maioritariamente pola Xunta, aprobada o 6 de novembro de 1996, da que se debe destaca-lo seu rigor xa que supón un aumento do nivel de control e unha garantía de transparencia e obxectividade nas actividades das ditas sociedades no que se refire á xestión económica, ó control financeiro e á contratación do persoal, que non ten parangón na lexislación española.

Segundo esta nova Lei do 5 de novembro de 1996, as fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por achegas da Administración autonómica galega ou aquelas nas que a Xunta forme parte dos seus órganos de goberno e perciban subvencións públicas sométese á fiscalización da Intervención Xeral da Xunta e, ademais, do Consello de Contas, que lle presentará o seu informe ó Parlamento de Galicia, e esixirá que o persoal e cadros directivos das ditas fundacións sexan contratados, mediante anuncio público de convocatoria, con respecto ós principios de mérito e capacidade.

Así mesmo, é necesario aludir á Lei estatal 30/1994, do 24 de novembro, especialmente á vista do disposto nas alíneas 1ª, 2ª e 3ª da súa disposición final 1ª, e iso na marxe de discutir aquí se unha lei de fundacións é ou non a *sedes materiae* adecuada para precisa-lo ámbito competencial respectivo do Estado e das comunidades autónomas con competencia exclusiva na materia.

En calquera caso, a teor da dita disposición final 1ª.1 constitúen as condicións básicas do dereito de fundación recoñecido no artigo 34 en relación co 53, da Constitución, e son de aplicación directa en todo o Estado ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1ª da propia Constitución determinados preceptos da Lei estatal, con respecto ós que existe plena harmonía coa lexislación galega no que se refire ó concepto, fins e beneficiarios establecidos nos artigos 1.1; 2.1 e 2.

En efecto, segundo o artigo 1 LFG, son fundacións de interese galego aquelas que «estean constituídas por persoas naturais ou xurídicas que destinen ou afecten o seu patrimonio ás realizacións sen ánimo de lucro de fins de interese xeral en beneficio de persoas non determinadas indi-

vidualmente», precisando, a continuación, o artigo 2.2 que «a finalidade da fundación debe ser lícita e duradeira, servi-lo interese xeral de Galicia e beneficiar persoas non individualmente determinadas», o cal se adecua plenamente ó marco legal estatal antes referido.

Agora ben, en cambio existe algunha diverxencia, que posteriormente detallaremos, no que atinxe a outros preceptos mencionados tamén na referida disposición final 1^a.1 como constitutivos das condicións básicas do dereito de fundación e de aplicación directa en todo o Estado (artigos 3; 6.1; 7.1 e 2; 12.1 e 29).

Ningún problema formula, pola contra, a plena aplicación en Galicia da alínea 2^a da mesma disposición final 1^a da Lei estatal, en virtude da cal os artigos 4.5 e 37.2, serán, en todo caso, de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8^a da Constitución.

Así mesmo, a teor do disposto no artigo 27/4 do Estatuto galego, resulta ausente de problemática a aplicación da alínea 2^a.b) da disposición final da Lei 30/1994, pois a aplicación xeral, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8^a da Constitución, a tódalas fundacións, incluso a aquelas nas que a competencia lles corresponda, de acordo co previsto nos seus respectivos estatutos de autonomía, ás comunidades autónomas, dos artigos 6.2, 3 e 4; 7.3; 8; 9; 10.1; 11; 12.2; 15; 16.2; 17.1; 20.1; 27.1, 2 e 3; 28.2; 30.1, 2 e 3; 32.1 e 34.1 e 2 exceptúase nas comunidades autónomas, que como Galicia ó abeiro do Estatuto, teñen competencia en materia de dereito civil, foral ou especial, no suposto do cal os ditos preceptos serán unicamente de aplicación supletoria.

Ámbito de aplicación

En canto ó ámbito de aplicación da lexislación galega, son consideradas fundacións de interese galego aquelas que desenvolvan as súas funcións principalmente en Galicia, aínda que non estean domiciliadas na Comunidade Autónoma, o que, polo demais, se corresponde co resto de lexislacións autonómicas (artigos 1 da Lei catalana, 1.1 da Lei canaria e 2 da Lei vasca), coa excepción de Navarra, onde a Lei 44 esixe que a fundación se constituía en Navarra.

Ademais, entran tamén neste grupo as entidades que teñan por obxectivo a consecución de fins de interese galego pero non teñan o seu domicilio en Galicia e desenvolvan fóra da comunidade as súas actividades fundamentais.

Desde logo, tamén son fundacións de interese galego as que estean domiciliadas dentro da Comunidade Autónoma, con independencia de onde se desenvolvan as súas actividades.

Un dos aspectos centrais da determinación do ámbito de aplicación

da lexislación galega de fundacións vén derivado do desenvolvemento principal das súas actividades en Galicia, que se ocupa de precisa-lo artigo 1.2 do Decreto 248/1992, cando advirte que unha fundación desenvolve principalmente as súas funcións en Galicia cando concorran conxuntamente os seguintes requisitos: a) que o conxunto dos seus activos que radiquen ou se atopen depositados en territorio da Comunidade Autónoma teñan un valor de inventario superior á metade dos seus bens inventariados; e b) que habitualmente invistan ou destinen a Galicia a parte máis importante do seu orzamento de gastos, ou ben que desenvolvan en Galicia a máis relevante das súas funcións.

Incluso se prevé que nas fundacións que teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego e nas que concorran conxuntamente as características de desenvolve-las funcións principalmente fóra da Comunidade Autónoma e non teñan o seu domicilio en Galicia, o fundador poida encomendarlle á Xunta de Galicia tarefas concretas de salvagarda da súa vontade sempre que non sexan contrarias á normativa que resulte de aplicación.

Este complexo e extenso ámbito de aplicación pode xerar conflitos de leis con outras comunidades, especialmente no caso de fundacións domiciliadas en Galicia que desenvolvan a súa actividade principal fóra, que haberá de resolverse conforme a lexislación estatal, de acordo coa competencia exclusiva do Estado sobre as normas para resolve-los conflitos de leis consagrado no artigo 149.1.8.

En concreto, a Lei estatal de fundacións de 1994, no seu artigo 4.2, esixe coincidencia entre o domicilio social e o ámbito territorial en que as fundacións desenvolvan principalmente as súas actividades, ó requirir que as fundacións terán o seu domicilio social no lugar onde se encontre a sede do seu órgano de goberno, que deberá radicar no ámbito territorial no que desenvolvan principalmente as súas actividades, o que, en certo modo, altera a situación anteriormente descrita.

Constitución

O artigo 2.1 da Lei galega dispón que calquera persoa natural ou xurídica pode constituír fundacións de interese galego, sen distinguir en canto ás persoas xurídicas entre públicas ou privadas, a diferenza do artigo 6/1 da Lei estatal, co cal queda solucionada a dúbida en relación coa posibilidade de constituír fundacións de interese galego tamén polas persoas xurídicas públicas.

Precisamente, as fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por recursos da Administración autonómica galega ou aquelas nas que a Xunta forme parte dos seus órganos de goberno e perciban

subvencións públicas sométense, segundo dispón a citada Lei do 5 de novembro de 1996, á fiscalización da Intervención Xeral da Xunta e, ademais, do Consello de Contas, que lle presentará o seu informe ó Parlamento de Galicia, esixindo que o persoal e cadros directivos das ditas fundacións sexan contratados, mediante anuncio público de convocatoria, con respecto ós principios de mérito e capacidade.

En canto á capacidade, a falta de disposición expresa, será de aplicación o disposto no artigo 6.3 e 6.4 da Lei estatal, de maneira que as persoas xurídicas privadas de índole asociativa requirirán o acordo expreso da súa xunta xeral ou asemblea de socios e as de índole institucional o acordo do seu órgano rector, mentres que as persoas xurídico-públicas terán, por principio, capacidade para constituír fundacións, salvo que as súas normas reguladoras establezan o contrario.

Polo que se refire ás persoas físicas, tampouco se realiza precisión ningunha tocante á capacidade de obrar necesaria para constituír unha fundación polo que, se non existe norma específica, de novo será de aplicación o artigo 6.2 da Lei estatal, en virtude da cal se require a capacidade xeral de obrar e a especial para dispor gratuitamente, *inter vivos* ou *mortis causa*, dos bens e dereitos en que consista a dotación.

Respecto da vontade de constituír unha fundación, pódese manifestar de calquera xeito susceptible de producir efectos xurídicos, podéndose constituír por actos *inter vivos* ou *mortis causa*, neste caso o fundador, se non outorga, por si mesmo, a carta fundacional, pode designar outras persoas para o seu outorgamento, non impondo a forma testamentaria, a diferenza do artigo 7.3 da Lei 30/1994, que é supletorio [disp. final 1^a. 2 b)] e sen que sexa previsto o outorgamento polo testamenteiro, herdeiro testamentario ou protectorado como fai o artigo 7/4 da Lei estatal.

En calquera caso, tras esa declaración contida no artigo 3/1 da Lei galega en favor do principio de liberdade de forma, a continuación, no artigo 3.2 precisase que a constitución *inter vivos* necesariamente deberá facerse mediante escritura pública, na que inescusablemente constará a carta fundacional, que posteriormente se haberá de inscribir no rexistro.

A dita escritura pública da carta fundacional, segundo o artigo 5, deberá conter necesariamente, de modo análogo ás esixencias do artigo 8 da Lei 30/1994, que, polo demais tamén é supletorio [disp. final 1^a. 2 b)], as circunstancias que acrediten a personalidade dos fundadores, sexan persoas naturais ou xurídicas, e determinen a súa capacidade para constituír unha fundación, a vontade de constituír unha fundación de interese galego, a dotación inicial, coa descrición e a natureza dos bens e os dereitos que a integran, a súa pertenza e as súas cargas e o título de achega e, por último, a designación das persoas naturais ou xurídicas que deban constituí-lo órgano de goberno da fundación.

Así mesmo, a escritura pública da carta fundacional conterá os estatutos, que conforme o artigo 6, de modo similar ó preceptuado no artigo 9 da Lei estatal, igualmente supletorio [disp. final 1^a. 2 b)], deberán comprende-la denominación, obxecto, finalidade fundacional e domicilio, as regras para a aplicación das rendas ó obxecto fundacional e para a determinación dos beneficiarios e, por último, o órgano que teña ó seu cargo a representación e goberno da fundación, con expresión do seu réxime, composición, regras para a designación e renovación dos seus membros, as súas atribucións e a forma de deliberar e adoptar acordos.

En canto á dotación patrimonial, o artigo 7 da Lei galega establece, ó igual có artigo 10.1 da Lei 30/1994, que pode consistir en bens e dereitos de calquera tipo sen que se esixa unha dotación mínima posto que unicamente se require que a dotación sexa suficiente para o cumprimento dos fins establecidos.

A continuación precísase que os modos e as cargas que graven os bens achegados non poden absorbe-lo seu valor sen que tampouco poidan significar uns gastos anuais que lles impidan o destino dunha parte das rendas ós fins fundacionais, salvo que o protectorado autorice a achega atendendo ó interese da fundación.

Fronte ó criterio de permisividade da dotación sucesiva considerado no artigo 10.2 da Lei 30/1994, en cambio a Lei galega impón a súa achega inicial, aínda que se exprese nos estatutos o compromiso de dotación sucesiva periódica a cargo do fundador ou de terceiras persoas e con independencia de que a dotación inicial poida ser posteriormente incrementada.

Iso constitúe unha notoria diferenza respecto da lexislación estatal por canto que o artigo 10.4 da Lei 30/1994 considera como dotación o compromiso de achegas de terceiros sempre que estivesen garantidas.

Por último, no proceso constitutivo dunha fundación en Galicia, a Administración autonómica controla a cualificación da fundación como «de interese galego» mediante o recoñecemento pola consellería correspondente, que exercerá o protectorado, por razón dos fins ou funcións que realice a fundación, segundo dispón o artigo 32 do Decreto 248/1992.

Segundo o artigo 4/2 do Decreto 248/1992, serán en todo caso requisitos necesarios para que unha fundación poida ser cualificada de interese galego: a) que os seus fins sexan lícitos, duradeiros e de interese xeral; b) que non teñan ánimo de lucro, para os efectos dos cales as súas prestacións serán normalmente gratuítas sen que as de carácter oneroso poidan supera-los límites impostos pola propia lei e regulamento; c) que os seus beneficiarios non sexan persoas físicas ou xurídicas determinadas individualmente, con atención preferente ás que non contén coa suficiente capacidade económica, salvo que se trate de prestacións de ín-

dole específica, que se outorgarán conforme os principios de mérito, capacidade e non discriminación.

Así mesmo, é necesaria, tralo recoñecemento, a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo esixe o artigo 8/1, que, conforme o artigo 4.3 do Decreto 248/1992, ten carácter constitutivo, con anterior cumprimento de requisitos adicionais.

De acordo co artigo 11, a inscrición só poderá ser denegada se os documentos non se axustan ás disposicións da Lei de fundacións de interese galego, polo que a fundación se entenderá validamente constituída desde o outorgamento da carta fundacional en escritura pública sempre que, unha vez recoñecida pola Xunta de Galicia, se inscriba no Rexistro de Fundacións (artigo 8.2 da Lei galega, análogo ó artigo 3 da Lei 30/1994).

Tal comezo da personalidade xurídica da fundación desde a súa inscrición non impide, como se sinala no artigo 9 da Lei galega, que, con anterioridade á súa inscrición, pero xa outorgada a carta fundacional, o órgano de goberno, dentro das súas facultades, poida realizar actos xurídicos, adquirir dereitos e contraer obrigas, que se consideren inaprazables, en nome ou interese da fundación, que se entenderán automaticamente asumidos pola fundación en canto se produza a inscrición, respondendo, en caso contrario, o patrimonio fundacional das obrigacións contraídas, e, no seu defecto, a responsabilidade recaerá solidariamente sobre as persoas que contratasen, en termos similares ó artigo 11 da Lei 30/1994, aínda que con maior precisión a norma galega aclarará que a responsabilidade en caso de non inscrición non alcanza, como na Lei estatal, tódolos patróns, senón especificamente «sobre as persoas que contratasen».

En canto ó goberno da fundación, a lexislación galega amosa certa indefinición respecto da terminoloxía, non formulando formalmente a Lei de 1983, nin o Decreto de 1984, nin tampouco a Lei de 1991 nin sequer a cuestión do nome, polo que cabe entender que a intención desta é permitir que os fundadores escollan libremente a denominación que prefiran para o que a norma chama simplemente «órgano de goberno».

En cambio, o Decreto de 1992, que derroga o citado anteriormente de 1984, aínda que en certos preceptos se refire globalmente, de novo, ó «órgano de goberno», sen embargo, noutros artigos, aínda que sen impoñer, polo menos expresamente, a obrigatoriedade de tal utilización, usa o termo «padroado» e, incluso, identifica «o padroado ou órgano de goberno da fundación» (artigo 5.1), o que pode salvar, dalgún xeito, a falta de correspondencia co artigo 12.1 da Lei 30/1994, que declara o padroado condición básica na disp. final 1^a.1.

Por outra parte, a Lei galega segue o esquema dun órgano colexiado para o goberno da fundación, e establece, de modo similar ó artigo 13.1

da Lei 30/1994, que se comporá como mínimo de tres membros (artigo 13.1).

Nun primeiro momento –Lei de 1983– inclinouse en favor da colexialidade –tres membros como mínimo–, pero permitíndolle ó fundador establecer expresamente unha composición máis reducida, introducíndose, en 1991, a dita esixencia de que o órgano de goberno estea integrado cando menos por tres persoas.

Non obstante, o artigo 13.2 da Lei galega prevé expresamente a posibilidade de que o padroado sexa unipersoal, se ben sempre de forma temporal, pois autoriza os fundadores que sexan persoas físicas para reservar para si, con carácter vitalicio, o exercicio de tódalas competencias asignadas ós órganos de goberno da fundación, e esixe que á morte do fundador se proceda á constitución dun órgano de goberno integrado por tres ou máis membros.

Poden ser, segundo as alíneas 1ª e 2ª do artigo 14 da Lei galega, análogo ó artigo 13/2 da Lei 30/1994, membros do padroado tanto as persoas físicas, para o que se require ter plena capacidade de obrar e non estar inhabilitado para o exercicio dun cargo público, coma as persoas xurídicas, que, igualmente, poden integrarse nos órganos de goberno da fundación, e designar, para tal fin, necesariamente, a persoa ou persoas naturais que as representen.

Existe, non obstante, unha diferenza, pois a Lei galega, no seu artigo 13.1, esixe, salvo que os estatutos establezan outra cousa, que o presidente e o secretario sexan elixidos entre os membros do padroado mentres que o artigo 13.1 da Lei 30/1994 permite que o cargo de secretario poida recaer nunha persoa que non sexa membro do padroado, no caso do cal terá voz pero non voto.

Segundo o artigo 6 do Decreto 248/1992, non poden ser membros do órgano de goberno os quebrados e concursados non rehabilitados; os condenados a penas que leven accesoria a inhabilitación para o exercicio de cargo público nin tampouco os menores de idade e incapacitados, salvo que fosen membros natos, no caso dos cales actuarán no órgano de goberno a través dos seus respectivos representantes legais (artigo 14.2 da lei).

O desempeño da función de padroeiro, salvo representación das persoas xurídicas e menores incapacitados xa vistos, considérase, no artigo 6.2 do Decreto de 1992, como persoal e sen posibilidade de delegación, sen prexuízo de que sexa admitida, segundo o artigo 6.3 a) do mesmo decreto, a representación nas reunións do padroado por outro membro do órgano de goberno en comunicación escrita dirixida ó presidente con carácter especial para cada reunión.

En cambio, non existe unha disposición análoga á contida no artigo 13.5 da Lei 30/1994, en virtude da cal os chamados a exercer a fun-

ción de padroeiro por razón dos cargos que ocupan poidan actuar representados pola persoa a quen lle corresponda a súa substitución, prevíndose, unicamente, no artigo 12.1 d), o cesamento por deixar de desempeñar-lo cargo en razón do cal foron designados, sen prexuízo da súa substitución polo novo titular do cargo.

En canto á remuneración do cargo de padroeiro, fronte á dicción tallante do artigo 13.4 da Lei 30/1994, que sinala que en ningún caso poden percibir retribución polo desempeño da súa función, a Lei galega, logo dunha declaración xenérica en igual sentido a prol da gratuidade (artigo 14.3), introduce, a continuación, determinados matices.

Efectivamente, só a normativa galega específica, polo menos parcialmente, qué conceptos han de comprenderse entre os gastos reembolsables ós padroeiros, sinalando o artigo 8.1 do Decreto do 18 de xuño de 1992, que entre tales gastos se inclúen «os de viaxe e estadía para a asistencia ás reunións ou a realización de misións relativas á fundación que se lles encomenden».

Así, con independencia do dereito xeral de aboamento a tódolos gastos que o exercicio do cargo lles produza, que tamén recolle a Lei 30/1994, no seu artigo 13.6, e, se é o caso, do aboamento de axudas de custo por asistencia que, se é o caso, fixe o seu órgano de goberno, dentro dos límites que se determinen regulamentariamente e sempre e cando non prohiban o aboamento de tales gastos os respectivos estatutos, o cal é unha peculiaridade da Lei galega, engade a posibilidade de remuneración para o suposto de que o membro do padroado sexa apoderado xeral e exerza as súas funcións con dedicación exclusiva.

En concreto, o artigo 14.4 da Lei galega, na redacción que se lle deu trala reforma de 1991, considera a posibilidade de que o apoderado xeral da fundación sexa membro do órgano de goberno, podendo entón percibir unha retribución se exerce as súas funcións con dedicación exclusiva e os estatutos prevírono así, o cal se encontra previsto, igualmente no artigo 8.3 do Decreto 248/1992, non podendo, en cambio, percibir remuneración por razón do apoderamento, sen prexuízo da que lles corresponda, pola súa relación de emprego coa fundación, ós apoderados xerais que non sexan membros do padroado (artigo 8/4 do Decreto de 1992).

Polo que se refire á representación da fundación, é competencia do padroado, a quen lle corresponden tódalas facultades que sexan necesarias para a realización dos fins fundacionais, segundo sanciona o artigo 12 da Lei galega.

En canto ás obrigas dos membros do padroado, o artigo 16 da Lei galega, en termos semellantes ó disposto no artigo 12.2 da Lei 30/1994, a que alude a disp. final 1^a. 2 b), dispón que os membros do órgano de goberno da fundación deben cumprir e facer cumprir estrictamente os

fins fundacionais, de acordo cos estatutos, e conserva-los bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación.

De acordo co artigo 14.4 da Lei galega, se os estatutos non o prohiben, o órgano de goberno pode delega-las súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con funcións e responsabilidades mancomunadas ou solidarias, non sendo delegable a aprobación das contas, a formulación dos orzamentos, o alleamento ou gravame de bens inmoables, das obras de arte e bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como os valores mobiliarios non cotizados en bolsa, nin calquera outro acto que precise a autorización ou a aprobación do protectorado, o cal é máis restrictivo cá previsión do artigo 14 da Lei 30/1994, que unicamente prohibe a delegación respecto da aprobación de contas e do orzamento ou actos que requiran autorización do protectorado.

Polo que se refire ó cesamento dos membros do padroado, o artigo 12 do Decreto 248/1992, de modo esencialmente coincidente co artigo 16.2 da Lei 30/1994 [disp. final 1^a. 2 b)], considera como causas xerais de conclusión do exercicio do cargo, a morte, inhabilitación, incompatibilidade, renuncia desde o momento en que se lle notifique formalmente ó órgano de goberno da fundación e transcurso do prazo cando foron designados por tempo determinado.

Pero, ademais, na lexislación galega, os membros do órgano de goberno poden ser removidos polo fundador e por acordo do propio padroado, en tal caso esíxese, fronte á regra xeral da maioría absoluta dos asistentes, o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña unha maioría absoluta do número dos seus membros, segundo sanciona o artigo 13.3 do Decreto de 1992.

Así mesmo, é considerada a posibilidade de remoción por parte dos tribunais a instancia do protectorado, tralo expediente, na hipótese de que os membros do padroado, que non poden ser suspendidos polo protectorado, que só pode adopta-las medidas preventivas previstas no artigo 11 do Decreto 248/1992, poden, en cambio, ser suspendidos polo xuíz no exercicio do cargo, como dispón o artigo 10 do Decreto 248/1992 cando se inste o protectorado para o procedemento de remoción.

O dito procedemento xudicial de remoción, segundo o artigo 12.1 c) do Decreto 248/1992, pódese solicitar ó ser condenado por sentenza firme como consecuencia do exercicio da acción fundacional de responsabilidade, que, en consecuencia, difire da previsión do artigo 15.3 da Lei 30/1994, que establece tal posibilidade só «cando se poña contra eles a acción de responsabilidade», sendo esta norma procesual dictada ó abeiro do artigo 149.1 6^o da Constitución (disp. final 1^a. 3).

Por último, de acordo co artigo 17 da Lei galega, os membros dos órganos de goberno da fundación son responsables fronte a ela «nos ter-

mos que establezan as leis», o cal, ante a ausencia de previsión específica, haberá de suplirse coas previsións contidas na Lei 30/1994.

Pois ben, conforme o artigo 15.2 da Lei estatal [disp. final 1ª. 2 a)], os padroeiros responderán fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados neglixentemente, e quedarán exentos de responsabilidade, tanto na Lei galega coma na lexislación estatal (art. 15.2), os que se opuxesen ó acordo determinante desta ou non participasen na súa adopción.

A dita acción de responsabilidade será exercida perante «a xurisdicción competente», segundo o art. 14.1 Decreto 248/1992, que é a xurisdicción ordinaria do art. 15.3 da Lei 30/1994, en nome da fundación polo propio padroado, que xa non poderá transixir nin renunciar á acción sen autorización do protectorado, polo protectorado ou por quen posúa lexitimación conforme as leis, e establecerase no artigo 15 do Decreto 248/1992, que os beneficiarios e demais afectados pola actuación da fundación só poderán solicitar do órgano de goberno ou do protectorado que estes exerciten a acción fundacional de responsabilidade, sen prexuízo de poder presentar persoalmente as accións de indemnización que lles correspondan polos actos do órgano de goberno ou dos seus membros que danen directamente os seus dereitos ou intereses lexítimos.

Xestión económica

En canto ós aspectos económicos de xestión das fundacións, o artigo 21 LFG e os artigos 17 e seguintes do Decreto 248/1992 imponen o control pola Xunta de Galicia da situación patrimonial da fundación e das súas actividades ó remate de cada exercicio económico e formulación necesaria do orzamento seguinte, ordinario ou extraordinario, todo isto para lograla correspondente aprobación do protectorado.

Segundo o artigo 17.1 do Decreto 248/1992, o patrimonio da fundación pode estar constituído por bens e dereitos de calquera clase sen que, a diferenza do artigo 17.1 da Lei estatal, se esixa que sexan susceptibles de valoración económica [disp. final 1ª. 2 b)].

En canto á adquisición de bens, segundo o artigo 18.1 do Decreto 248/1992, o padroado poderá realizar a título oneroso ou lucrativo, sen outras limitacións cás establecidas na lei ou nos estatutos, e determinárase no artigo 15 LFG, de modo similar ó artigo 20.1 da Lei estatal [disp. final 1ª. 2 b)], que os lexítimos representantes das fundacións poderán aceptar herdanzas, legados e doazóns entendéndose as herdanzas aceptadas sempre a beneficio do inventario, e sen que poidan ser repudiadas, nin as doazóns rexeitadas, sen a autorización previa e expresa do protectorado, de modo similar ó preceptuado no art. 20.3 Lei 30/1994.

A dita autorización previa e expresa do protectorado tamén será precisa, en todo caso, para a aceptación de doazóns e legados con carga, sen precisarse na Lei galega, como fai o artigo 20.2 da Lei estatal, que a autorización será necesaria cando os legados ou doazóns poidan desnaturaliza-lo fin fundacional.

A adquisición de bens non require, con carácter xeral, autorización do protectorado salvo en determinados casos en que a adquisición se realice a través dunha operación de crédito, establecendo o artigo 22 do Decreto 248/1992 que as fundacións poderán concertar operacións de crédito sempre que se destine o seu importe ós fins da fundación e que, illada ou conxuntamente, non deban aboar anualmente por xuros e amortizacións unha cantidade que exceda do 30% dos seus ingresos ordinarios, pois necesitarán noutro caso autorización previa do protectorado.

Para os demais actos de disposición de bens, o artigo 19 do Decreto 248/1992, impón xeralmente a intervención administrativa cun carácter máis estricto có artigo 19 da Lei 30/1994.

Nos alleamentos a título gratuito, cando con elas se cumpran directamente os fins fundacionais, requírese autorización do protectorado salvo previsión estatutaria expresa a prol do padroado segundo dispón o art. 19.1 do Decreto de 1992.

Polo que se refire ó alleamento a título oneroso de inmobles da fundación destinados con carácter permanente ó cumprimento directo dos seus fins, só se poderá facer nas condicións establecidas polo fundador ou que impoña o protectorado en cada caso (art. 19.2 do decreto).

Para o alleamento dos demais bens, as alíneas 3ª e 4ª do citado artigo 19 requiren, salvo para valores cotizados en bolsa, autorización do protectorado, que se entenderá concedida se non se opón ó alleamento no prazo de tres meses, o cal difire do artigo 19.1 da Lei 30/1994, que unicamente esixe neste caso autorización do protectorado se os bens supoñen un valor superior ó 20% do activo da fundación segundo o último balance anual, polo que será abonda, noutro caso, a simple comunicación, non esixindo a Lei galega, a diferenza do artigo 19.3 da Lei 30/1994, a autorización ou comunicación para comprometer en árbitros de equidade ou para realizar transaccións verbo dos bens e dereitos mencionados.

Respecto dos gravames dos bens, mentres que no artigo 19 da Lei 30/1994 están sometidos ó mesmo réxime de autorizacións e comunicacións cós alleamentos, en cambio en Galicia, segundo o artigo 20 do Decreto 248/1992, os órganos de goberno da fundación poden libremente e baixo a súa responsabilidade constituír gravames ou garantías sobre os bens da fundación para o que non se require autorización do protectorado, aínda que si comunicación, salvo para graves bens que constitúen a dotación da fundación que esixe autorización previa.

Polo demais, as fundacións poderán realizar directamente as actividades económicas que estimen convenientes para o mellor cumprimento dos fins fundacionais, que só deberán informa-lo protectorado a través da memoria anual da estrutura e funcionamento destas, coa debida separación (art. 21 Decreto 248/1992).

Igualmente poden participar en sociedades mercantís con obriga, do mesmo xeito ca no artigo 27/3 da Lei 30/1994, de poñelo en coñecemento do protectorado pero sen que se recolla expresamente a prohibición contida no artigo 22.1 da Lei estatal de que as fundacións non poderán ter ningunha participación en sociedades mercantís nas que deban responder persoalmente das débedas sociais.

En todo caso, á realización da actividade fundacional deberalle ser destinado, cando menos, non o 70% a que alude o artigo 21.1 da Lei estatal, senón o 80% das rendas que obteña a fundación e dos outros ingresos que non formen parte da dotación, segundo dispón o art. 7.5 LFG.

Ademais, o artigo 19 da Lei galega precisa que as cantidades que excepcionalmente, e con autorización do protectorado, poderán percibir as fundacións dos seus beneficiarios non poderán exceder do custo real do servizo ou prestación, sen marxe comercial de ningunha clase.

As fundacións en Galicia precisan a autorización do protectorado para emprende-las modificacións estatutarias, transformacións, agregacións, fusións ou extincións, podendo o protectorado solicitarlle á autoridade xudicial a disolución, extinción ou transformación dunha fundación de interese galego segundo as circunstancias que había no momento da súa creación, conforme o artigo 38 do Decreto 248/1992, en termos similares ós artigos 27.1, 2 e 3 e 28.2 da Lei 30/1994 [disp. final 1ª. 2 b)].

Para rematar, en relación coa extinción da fundación, as previsións contidas no artigo 29 da Lei 30/1994 co carácter de condición básica [disp. final 1ª.1] son as mesmas cás recollidas no artigo 39.1 do Decreto 248/1992 coa súa remisión ó artigo 39 do Código civil, sendo igualmente de contido similar o artigo 389.2 do Decreto 248/1992 e o artigo 30.1, 2 e 3 da Lei estatal [disp. final 1ª. 2 b)] polo que se refire ás formas de extinción e para os seus efectos. 